

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999) corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. O outro nai/pai será o representante da ANPA. O terceiro representante de nais e pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 28 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14 horas do día 6 de novembro**.

3.- Son **candidatos/as** elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio ou que se pode descargar da páxina web do centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende as **10:00 horas do día 29 de outubro ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o día **11 de novembro, ás 13:35 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e **catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade**.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As **votacións** realizaranse nas dependencias do Centro o **día luns 18 de novembro, de 13:30 a 16:15 horas**. A mesa electoral constituirase o mesmo día, en acto público, ás 13:15 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumnos/as.



10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Touro, 28 de outubro de 2024.

A Presidenta da Xunta Electoral.

Asdo.: M^a Carmen Rendo López.